



RAFAEL GARCÍA FERREIRA (ED.)

Historia do antigo concello de Conxo



CONSORCIO DE
SANTIAGO

EDITORA
alvarellos

Historia do antigo concello de Conxo

RAFAEL GARCÍA FERREIRA (ED.)

Historia do antigo concello de Conxo

FRANCISCO ALONSO TOUCIDO

CONCHI LÓPEZ SÁNCHEZ

ALFONSO IGLESIAS AMORÍN

NOELIA VALIÑO VÁZQUEZ

ANA PÉREZ VARELA

ENCARNA OTERO CEPEDA

MIGUEL CABO VILLAVERDE

DANIEL LANERO TÁBOAS

ANTONIO MÍGUEZ MACHO

RAFAEL GARCÍA FERREIRA



CONSORCIO DE
SANTIAGO

EDITORA
alvarelos

OESTE [divulgación & ensaio]

Esta obra publícase baixo unha coedición do Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora. Pertence á colección Oeste de Alvarellos Editora e á Biblioteca de Divulgación do Consorcio de Santiago.

ALVARELLOS EDITORA, 2025
Rúa de Sempre en Galiza, 4
15706 Santiago de Compostela
www.alvarelloseditora.gal

CONSORCIO DE SANTIAGO, 2025
Rúa do Vilar, 59
15705 Santiago de Compostela
www.consorciodesantiago.org

© Textos: Francisco Alonso Toucido, Conchi López Sánchez, Alfonso Iglesias Amorín, Noelia Valiño Vázquez, Ana Pérez Varela, Encarna Otero Cepeda, Miguel Cabo Villaverde, Daniel Lanero Táboas, Antonio Míguez Macho e Rafael García Ferreira.

Deseño de capa: Xacobe Neto
Maquetación e retoque fotográfico: Paula Cantero
Impreso en Santiago de Compostela por Xeograf

O papel utilizado para a impresión deste libro foi fabricado a partir de madeira procedente de bosques xestionados de forma sostible.



ISBN [Alvarellos Editora]: 978-84-18567-83-4
ISBN [Consorcio de Santiago]: 979-13-87850-01-2
Depósito Legal: C 1137-2025

Reservados todos os dereitos. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Índice

LIMIAR

No centenario da anexión de Conxo
a Santiago de Compostela

RAFAEL GARCÍA FERREIRA 9

Conxo, un concello con historia

RAFAEL GARCÍA FERREIRA 13

O patrimonio arqueolóxico do antigo concello
de Conxo

FRANCISCO ALONSO TOUCIDO 27

A vida cotiá no concello de Conxo

CONCHI LÓPEZ SÁNCHEZ 41

O Banquete de Conxo de 1856

ALFONSO IGLESIAS AMORÍN 63

O latexo do corazón de Conxo.

Historia dun Hospital Psiquiátrico

NOELIA VALIÑO VÁZQUEZ 83

A Igrexa e o conxunto monumental
de Santa María a Real de Conxo

ANA PÉREZ VARELA 99

Aquelas mulleres do concello de Conxo. Algúns apuntamentos ENCARNA OTERO CEPEDA.....	121
Asociacionismo e prensa agraria en Conxo MIGUEL CABO VILLAVERDE	129
A Benéfica de Conxo DANIEL LANERO TÁBOAS	145
Un estoupido en Cornes. O movemento obreiro na folga das obras da Universidade de 1898 ANTONIO MÍGUEZ MACHO	167
1925-2025. Da anexión, ao barrio con identidade RAFAEL GARCÍA FERREIRA	183
Bibliografía	197
Biografías de autoras e autores	203

LIMIAR

No centenario da anexión de Conxo a Santiago de Compostela

RAFAEL GARCÍA FERREIRA

Neste 2025 cúmprense cen anos da anexión do concello de Conxo por parte do de Santiago de Compostela. Conxo, por aquel entón, era un concello con características, veciñas e veciños, entidade e, por suposto, historia propia. Son numerosos os actos e conmemoracións programados para este ano con motivo do centenario e, desde estas páxinas, queremos contribuír ao noso xeito, recompoñendo precisamente a historia do antigo concello de Conxo. Unha historia que, cen anos despois da anexión, é moito menos descoñecida para as veciñas e veciños, achegadas e achegados, ao que nos nosos tempos acabou por converterse nun dos barrios con máis identidade da capital galega.

Un centenario non é unha data calquera, e sentímonos ledas e ledos de que este sexa o momento en que podamos ofrecer unha *Historia do antigo concello de Conxo* o máis completa posible, con traballos en diferentes campos e complementarios entre si. Neste volume reunímonos un grupo de historiadoras e historiadores que nos propuxemos ofrecer unha reconstrución honesta e á altura do que o antigo concello merece. O grupo que traballou para levar a cabo isto empregou moitos recursos documentais, o que significa que se presentan aquí traballos de investigación histórica co obxectivo de retransmitir os feitos con fidelidade e lectura crítica do pasado. Porén, non podemos pasar por alto todo o traballo anterior que se vén facendo para recompoñer a historia de Conxo dende diferentes ámbitos. Esfuerzo que, antes de comezar, ben merece un recoñecemento e unha serie de agradecementos.

Unha historia cada vez menos esquecida

Concello de Conxo (1836-1925). Unha historia esquecida é o título dun libro escrito por Juan José Lema Negrillo e Alberto Vilariño Vieites, da Asociación Amigos de Conxo. Durante moitos anos foron dous dos artífices de recuperar documentación, memoria e imaxes do concello de Conxo para reconstruír a súa historia, a que nos gustaría considerar, despois de tantos esforzos conxuntos, como cada vez menos esquecida. Son moitas as veciñas e os veciños do agora barrio de Conxo que reivindicán esa historia propia e que veñen traballando cunha vontade admirable para que o esquecemento se converta na anécdota, para que o coñecemento da historia do antigo concello sexa a norma. Os traballos recollidos neste libro son, en parte, debedores desas investigacións pioneiras que abriron o camiño para coñecer mellor o pasado de Conxo.

Un traballo que é extensible a moita da veciñanza do barrio, concienciada agora do seu pasado, e entre a que se atopan os amigos de Conxo Aberto, sen os que sería imposible que este volume tivera visto a luz. De entre eles agradecemos a Suso, Luciano e Eva,


especialmente, o seu labor, non por desmerecer o de calquera outro, senón por ser quen nos encomendaron desde o primeiro momento levar a cabo a tarefa de recompoñer unha historia de Conxo na forma na que o facemos nestas páxinas. Un agradecemento que facemos extensible a Xulio Noia, unha figura indispensable do barrio, e á que o editor deste volume lle agradece de forma persoal que tivera a ben confiar en min para levar a cabo a coordinación. Do mesmo xeito, agradecemos á veciñanza do barrio a súa implicación e achegas a este libro, en calquera das formas que estas se produciran, porque sen dúbida axudaron a que a historia de Conxo quede agora reflexada aquí.

Finalmente, non podemos deixar de agradecer ao Concello, ao Consorcio de Santiago de Compostela e a Alvarellos Editora o seu compromiso e esforzo para que este libro vexa a luz. Cabe valorar o apoio das institucións de Compostela á hora de poñer en valor un pasado que agora é tamén seu, pero que durante moitos anos foi o dun concello propio, con identidade de seu, como tamén a ten o actual barrio de Conxo.

A recuperación do noso pasado non sempre recae nas historiadoras e historiadores. Como vimos mencionando, foi durante moitos anos que as veciñas e veciños de Conxo recompilaron todo tipo de materiais e documentación para que esa historia seguise viva. Hoxe, agardamos que o traballo do grupo que reunimos para elaborar esta *Historia do antigo concello de Conxo* lle devolva ese esforzo e que o vexan plasmado nas páxinas que seguen, e que desfruten do relato do seu pasado. Para elas e eles, e para todo o que teña a inqueda por coñecer esta parte da nosa historia, vai este libro.

Conxo, un concello con historia

RAFAEL GARCÍA FERREIRA¹



concello de Conxo constituíuse no ano 1835 e foi anexionado ao de Santiago de Compostela no 1925, o que significa que conta con 90 anos de historia propia ás súas costas. Coa penetración do liberalismo na España do século XIX e a progresiva desaparición das estruturas señoriais do Antigo Réxime, a estrutura territorial do país sufrirá profundas mudanzas. No citado ano 1835, Conxo queda configurado como entidade municipal propia e pasa a desenvolverse como tal ata a súa final desaparición.

Quen se achegue a esta *Historia do antigo concello de Conxo* atopará moita información sobre o concello que, en todo caso, non se ofrece de forma illada, senón contextualizada no momento histórico no que se desenvolven os eventos que se detallan.

¹ Este texto enmárcase dentro do proxecto de investigación «Violencia, delincuencia y conflictividad en tiempos de paz y de guerra en el mundo rural, 1850-1980», financiado polo Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades (PID2023-152532NB-I00).

Acontecementos como a celebración do Banquete de Conxo enmárcanse nun contexto político como o do liberalismo progresista e o xurdimento dun provincialismo de corte galego, pero tamén no do inicio do rexurdimento cultural da segunda metade do século XIX. Ao indagar na cuestión do asociacionismo agrario comprobárase que non era un fenómeno illado, senón unha dinámica que se reproducía por toda Galicia cunhas pautas de funcionamento características. E, quen se aproxime ao choque obreiro xurdido en Conxo a finais do século XIX, poderá mergullarse tamén nas trazas do mundo do traballo e no asociacionismo obreiro que xermolaba por todo o territorio.

Se consultamos o Dicionario xeográfico-estatístico de Pascual Madoz podemos atopar a que con seguridade é unha das primeiras descrições do concello de Conxo: un concello da provincia e audiencia territorial da Coruña, parte do partido xudicial de Santiago de Compostela, situado sobre as marxes dos ríos Sar e Sarela. De clima temperado e san, se ben se facía notar a presenza de certas enfermidades como febres gástricas, inflamatorias e nerviosas, así como algunhas pulmonías e afeccións oculares. Xa se mencionan as oito parroquias que constituían o concello: San Martín de Aríns, Santa Eulalia de Bando, Santa María de Conxo (facéndose notar que esta era na que recaía a «capitalidade» e onde se situaba o arrendo da casa consistorial), San Cristovo do Eixo, Santa María de Figueiras, San Martiño de Laraño, Santa María de Marrozos e Santa María de Vilvestro. Contábanse unhas 1.300 casas e varios lugares como entidades de poboación, así como 4 escolas ás que acudían 250 nenos e 20 nenas. Ao norte, lindaba con Santiago, ao este con Teo e ao Oeste con Ames. Os terreos do concello estaban considerados fértiles e os montes ben poboados, se ben os camiños non estaban en bo estado de conservación. O correo recibíase no concello veciño, en Santiago. A produción agrícola baseábase en cereais, legumes, patacas, liño, froita e combustibles, e criábase gando de todo tipo; tamén se constatan prácticas de caza e pesca. En canto á industria, menciónanse os muíños de fariña, a téxtil coa existencia de varios teares, a fabricación de curtidos e negocios artesáns que traballaban produtos de primeira necesidade. O comercio relacionábase co que proporcionaba a proximidade do concello de Santiago (Madoz, 1847: 565).

As parroquias nas que se dividía o concello permaneceron inalteradas ata que Conxo pasou a formar parte de Santiago. Precisamente, no expediente de anexión presentábase unha relación de todos aqueles lugares que formaban o territorio de Conxo en 1925, o que nos permite debuxar e enmarcar todos eses dentro da mesma división parroquial que era norma empregar para referirse á división interna. Nótese que, neste caso, a parroquia de Conxo, a de maior entidade, aparecía dividida en tres distritos diferentes:

- Parroquia de Vilvestro. Comprendía os lugares de Carballal, Carlexo, Feáns, Fraíz, Pedrido, Piñeiro, Portela, Quintáns, Reborido, Roxos, Silvouta, Tras Igrexa e Vilastrexe.
- Parroquia de Conxo (primeiro distrito). Comprendía os lugares da Avenida do Cardeal Payá, Campo do Cardeal Payá, Conxo de Arriba, Cornes, Corredoira, García Prieto, Rúa de San Xosé, Campos de San Xosé, Ponte Pereda e Sánchez Freire.
- Parroquia de Conxo (segundo distrito). Comprendía os lugares de Conxo de Abaixo, Conxo de Arriba, A Cruxeira, Rial, Rocha, Poza Real, Torrente e Fervenza.
- Parroquia de Conxo (terceiro distrito). Comprendía os lugares da Choupana, Cantaleta, Chouchiños, Ponte Vella e Vidán.
- Parroquia de Conxo (cuarto distrito). Comprendía os lugares do Castiñeiríño, Casal, Combarro, Outeiro, Paidacana e Nogueira.
- Parroquia de Bando. Comprendía os lugares de Bando de Abaixo, Bando de Arriba, Godos, San Marcos, Pousada e Zaramacedo.
- Parroquia de Aríns. Comprendía os lugares de Andrade, Aramio, A Cacharela, A Devesa, Fornás, Igrexario, Lobio, A Pena, Sanxuás, Sobríns, A Torre Blanca e Vilacoba.
- Parroquia de Marrozos. Comprendía os lugares de Aldrei, Ardagán, Corexo, Gamás, Marrociños, O Sisto, A Susana e Vixoi.
- Parroquia de Laraño. Comprendía os lugares da Amañecida, A Barcia, O Casal, Coira, A Igrexa, Lamas, Larañiño, Munín, Pardiñas de Abaixo, Pardiñas de Arriba, Paredes, O Rial, Reibó, Santomil e Vidán.

- Parroquia de Figueiras. Comprendía os lugares de Vrins, A Cova, Codesedas, Correxíns, Folgoso, A Fontecova, Xulacasa, Marmancou, As Moas de Abaixo, As Moas de Arriba, Piñor e A Portela.
- Parroquia do Eixo. Comprendía os lugares de O Valado, Bornais, Eixo de Abaixo, Eixo de Arriba, O Gaioso, O Igrexario, Os Laranxos, Pereiras, Piñeiro e A Uceira.²

O concello nunca tivo un asentamento propio para a casa consistorial e a súa ubicación variou. Se a mediados do século XIX esta se atopaba na primeira planta do antigo mosteiro, a decisión de empregar o espazo como futuro sanatorio obrigará a un cambio de ubicación á entón coñecida como rúa de San Xosé, actual avenida de Vilagarcía, concretamente ao número 8; na mesma rúa estableceuse tamén o xulgado municipal (Lema Negrillo e Vilariño Vieites, 2009: 21-24). No ano 1913, o contrato de aluguer para instaurar a casa do concello e mais o xulgado é renovado co veciño Ángel Seisdedos, se ben o emprazamento que figura na documentación sinala que as casas a empregar serán as número 3 e 4.³

Politicamente, e como non pode ser doutra forma, o concello foi sempre debedor do seu tempo. A efectos electorais enmarcábase no distrito de Santiago, unha condición que se manterá no tempo e que só se aterá a modificacións na concepción do distrito, algo que non afectou á pertenza de Conxo ao mesmo: se na división por distritos de 1858 pertencía á segunda sección, con cabeza en Boqueixón (e que englobaba tamén a Boqueixón e Vedra), no proxecto de Lei de división electoral de 1913 o distrito non contemplaba diferentes seccións, senón que destacaba os termos municipais que comprendían o distrito e que se correspondían con Conxo, Enfesta, Santiago, Boqueixón e Vedra.⁴

A política local ocupábase da xestión dese mesmo ámbito. Unha disposición do Gobernador civil da provincia do ano 1887

² Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela (AHUS), AMC, 044. Expediente de anexión de Conxo a Santiago. Actualizamos os nomes de lugar segundo a normativa vixente.

³ AHUS, AMC 225, 4.

⁴ Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), 24 de outubro de 1858; *Gaceta de Madrid*, 29 de outubro de 1913.

pódenos axudar a comprender a que nos referimos con isto, pois enumera unha serie de cuestións que estaban a ser desatendidas pola corporación local, como o desinterese nos rexistros que debía gardar, desatención de funcións (entre as que figuran a non elaboración do padrón de habitantes, non levar un rexistro de multas ou non estar ao día co cobro de arbitrios), acumulación de débedas e mesmo simplemente executar calquera disposición que emanara do alcalde. Será precisamente a apertura deste expediente a que provoque a destitución dos membros da corporación mediante disposición governativa seguindo os cauces político-administrativos establecidos:

Pasado a informe de la Sección de Gobernación del Consejo de Estado el expediente relativo a la suspensión del Ayuntamiento de Conjo, que fue decretado por V.S., dicho alto Cuerpo ha emitido con fecha 12 del actual el siguiente dictamen:

«Excmo. Sr.: En cumplimiento de la Real orden de 7 del actual, la Sección ha examinado el expediente relativo a la suspensión del Ayuntamiento de Conjo, decretada en 22 de marzo por el Gobernador de la provincia de la Coruña:

De la vista girada por un Delegado de dicha autoridad a los diferentes ramos de la administración del expresado pueblo, resultó que los libros de intervención carecían de fechas, cierre y firma del intervector; que el libro de actas de los arcos tampoco tenía las firmas del depositario y del secretario; que la distribución de fondos no se hacía mensualmente, limitándose la corporación a aprobar lo que ejecutaba el alcalde, sin expresar las cantidades ni su objeto; que estaban pendientes de pago varias deudas por alquileres de la casa consistorial y local del juzgado; que no se habían cobrado y pagado varias cantidades del impuesto de consumos; que no se llevaba registro de multas; que no constaba en el padrón de vecinos el número de habitantes del término municipal; que aparecían en descubierto muchas personas, respecto al impuesto de cédulas personales desde 1883; que no existen ordenanzas municipales, ni padrones de las prestaciones personales; que desde 1883 no se han tomado expedientes de partidas fallecidas referentes a los repartimientos de consumos; que el médico titular carece de la lista de las familias pobres a que ha de visitar, y que algunos concejales y repartidores estaban rebajados de pago de los consumos.

Vistas las disposiciones de los artículos 179, 180 y 189 de la Ley municipal vigente.

Y considerando que según la interpretación que a dichos preceptos han dado repetidas Reales órdenes, es justa la providencia gubernativa de que se trata, por cuanto el conjunto de los hechos expuestos se deduce el desorden y abandono en que aquella corporación tiene los servicios e intereses que la ley le encomienda, lo cual constituye faltas graves, que deben ser corregidas con la mayor severidad.

Opina la sección que procede confirmar la suspensión del Ayuntamiento de Conxo».⁵



Selo co escudo do concello de Conxo. Arquivo do Centro Sociocultural Aurelio Aguirre de Conxo.

Botando a vista adiante, Conxo moveuse nas redes de poder liberais baixo a protección de Eugenio Montero Ríos, dominador a través do Partido Liberal do distrito de Santiago, ao que Conxo pertencía; protección que logo levaría a cabo o seu xenro, Manuel García Prieto. En canto á política local, as críticas cara ás actitudes caciquís que amosaban foron frecuentes tanto desde *El Látigo* como desde xornais como *El Compostelano*. Este denunciaba con



O histórico barrio de Conxo, ao sur de Santiago de Compostela, foi concello independente durante case un século, entre 1835 e 1925. Da súa estación de ferrocarril partiu a primeira liña de tren de Galicia e nel naceu a fundadora da literatura galega moderna, Rosalía de Castro. Conxo protagonizaría loitas imprescindibles para entender hoxe a mellora das condicións de vida da clase traballadora, dende o Banquete democrático de 1856 ata os movementos obreiros de 1898, pasando pola creación e mantemento da súa Sociedade Benéfica.

Ademais, o Conxo histórico das oito parroquias mantén un valiosísimo patrimonio, con tesouros únicos: a memoria milenaria do seu petróglifo e castro, o románico do seu antigo mosteiro, o barroco da actual igrexa parroquial, ou a fortaleza da Rocha, símbolo das loitas dos irmandiños contra os señores feudais.

De todo isto, e tamén da vida cotiá no concello, do seu asociacionismo, e do papel das mulleres, trata este valioso volume. Participan dez especialistas con novos traballos de investigación, historiadores e historiadoras que levan a cabo unha reconstrución honesta e documentada dos noventa anos nos que Conxo foi independente. O obxectivo, como afirma o seu coordinador, Rafael García Ferreira, é transmitir os feitos con fidelidade e lectura crítica do pasado.

